

ANUNCIO

Oferta de Emprego Público do Concello de Cedeira para o ano 2025

Mediante a resolución de Alcaldía 60/2026 de data 29 de xaneiro aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Cedeira para o ano 2025, resolvendo o seguinte:

“PRIMEIRO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público para o ano 2025 do Concello de Cedeira:

Denominación/ Código CPT	Tipo de persoal /Grupo	Sistema de acceso	Nº vacantes
Administrativo (15022AD-05)	Funcionario/a de carreira	Quenda Libre	1
Administrativo (15022AD-04)	Funcionario/a de carreira	Quenda Libre	1
Policía (15022GP-02)	Funcionario/a de carreira	Quenda Libre	1
Oficial Primeira (15022OF1ª-03)	Laboral fixo	Quenda Libre	1

SEGUNDO.- Ordear a súa publicación no taboleiro de anuncios, sede electrónica, así como no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO.-Convocar as prazas ofertadas en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación.”

RECURSOS: Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas interesadas poden interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou no seu caso, conforme ao establecido no artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, pode interpoñer, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses computados de data a data a partir do día da notificación da presente resolución.

Se se optase polo recurso de reposición potestativo, non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Cedeira, 30 de xaneiro de 2026

O Alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil